

Prazos de admisión
Convocatoria de admisión, matrícula e dereito de avaliación
nas ensinanzas de grao para o curso académico 2022/2023

A **preinscrición (1.1)**: Realizarase na aplicación [nerta](#) segundo o calendario aprobado pola [CiUG](#)

Os **procedementos de admisión por recoñecemento de créditos (1.3.1), para retomar unha titulación trasladada (1.4), de cambio de centro (1.6), para cursar unha mención (1.9) e de incorporación a un PCEO (1.10)**: Solicitaranse na [sede electrónica](#)

O prazo é do 1 ao 30 de xuño, cumprindo os requisitos en dito prazo, e resolveranse de xeito que as persoas solicitantes estean notificadas antes do 31 de xullo.

Cando resulten prazos sen cubrir, e existan solicitudes presentadas en prazo que non foron resoltas favorablemente ao estar pendentes de cualificacións, as persoas afectadas poderán solicitar a revisión da súa situación unha vez completado o expediente. Os centros poderán atendela e resolvelas antes do 30 de setembro.

Para acceder a un curso ponte (1.7): Solicitarase na [sede electrónica](#)

O prazo de presentación de solicitudes é do 1 de xuño ao 15 de xullo;

As listaxes provisionais de admitidos, excluídos e de agarda, publicaranse no taboleiro electrónico como máximo sete días naturais despois de pechado o prazo de presentación de solicitudes. Haberá un prazo de tres días naturais, contados dende o seguinte a esta publicación, para a presentación de reclamacións na sede electrónica.

As listaxes definitivas de admitidos, excluídos e de agarda estarán como mínimo o día anterior ao comezo do prazo ordinario de matrícula.

Para a realización dos requisitos formativos complementarios (1.8): Solicitarase na [sede electrónica](#)

As datas de presentación dependerán da opción elixida do seguinte xeito:

- Asistencia a cursos tutelados: no prazo ordinario de matrícula.
- Proba de aptitude, período de prácticas ou realización dun proxecto ou traballo: ao longo de todo o curso académico tendo en conta que a matrícula deberá estar formalizada ao menos 15 días antes da realización de calquera delas.

Para o procedemento de prazos sobrantes (1.11): Solicitarase na [sede electrónica](#)

O prazo comezará dende o momento no que se publique no [taboleiro electrónico](#) a relación de prazos ofertadas e permanecerá aberto ata o 30 de setembro.

Para o procedemento 1.3.2: Solicitarase na [sede electrónica](#) nos meses de marzo e abril.

O prazo de cara ao curso académico 2023/2024 será os meses de marzo e abril de 2023. En todo caso, en previsión de que non se cubran as prazos do apartado 2.3.1, é dicir, para quen proveña de estudos universitarios oficiais españois, os centros poderán ter en conta solicitudes de estudantes de sistemas educativos estranxeiros no mes de xuño.

A realización dunha adaptación de plan de estudos (1.5): O trámite farase a través da [secretaría virtual](#)

Quen precise cambiarse dun plan en extinción ou xa extinto ao novo plan de estudos realizará o trámite no prazo ordinario de matrícula. Unha vez confirmado o proceso poderase continuar coa formalización da matrícula.